

Casa grande de Santa Ana

A casa grande é unha das moitas manifestacións da arquitectura popular galega. A súa identidade máis a do pazo camiñaron sempre xuntas e moitas veces os dous termos designan o mesmo conxunto. Según Xoaquín Lorenzo: “ (...) *A casa grande é a vivenda rural en todo o seu desenvolvemento e procede directamente da villa romana. Como ela ten unha economía pechada, bástase a sí mesma e conta con caseiros, traballadores e criados*” (Lorenzo, 1962:86, citado en Manuel Caamaño, *Construcións adxectivas da Limia...*).

Estructuralmente caracterízase por integrar dentro dun conxunto o edificio residencia e as dependencias propias dunha economía agrícola-gandeira de autobastecemento, xunto con espazos abertos (patio, horta, xardin). Todo o terreo está protexido habitualmente por un alto valado que leva un gran portón de portas de madeira. Dende un punto de vista constructivo, os edificios, en xeral teñen unha estrutura rectangular sobria aparecendo elementos como corredores, solainas, balconadas. Na planta térrea suelen estar as dependencias destinadas as cortes para o gando e recintos de almacenamento de produtos agrícolas. No primeiro andar suelen estar as dependencias domésticas (cociña, lareira, salón, cuartos de durmir).

Neste caso estamos ante unha construción civil da idade moderna e trátase dunha edificación resultado da conxunción de diferentes construcións e ampliacións ó longo do tempo. Está ligada á liñaxe dos Santana tal e como figura na lumieira da entrada principal, onde reza a seguinte inscrición: "AÑO DE MIL 790 / ESTA OBRA LA IZO EL SR DN TOMAS SANTANA I ARZE". Sobre este lintel dispónse un emblema heráldico nun tímpano de medio punto con un castelo acompañado de dúas aguías ós lados. Esta peza, claramente reaproveitada, pode provir da cercana torre de O Castro. Enmárcase mediante volutas toda a composición.

Esta porta dá acceso a un patio interior que ordena a edificación, con un corredor ó que se accede por unha escada pétreo con pasamáns iniciado con unha moldura en orelleira. En torno a este patio desenvólvense as diferentes construcións, todas realizadas en perpiaño con diferente tratamento.

O edificio estaría encintado, enmarcando os vanos con baquetón de ángulos acodados. Cara ó norte conta con unha cornixa pétreo e un dous balcóns voados, mentres que na fachada sur, debeu ser substituída unha solaina por unha galería metálica. A fachada é de perpiaños con encintado, mentras que o Tellado é a dúas augas de tella do país.

Debido a que a propiedade do casa está fraccionada, existen diferentes diferentes tratamentos nos paramentos e volumes da construción. Un exemplo desta división é que unha das propietarias, Dona Irene (a mestra de Sandiás durante moitos anos), foi a propietaria da capela da casa ata a súa morte, ocupándose sempre de toda a xestión e mantemento da mesma. Deixándollela sempre ós veciños o día da Santa Ana para a celebración da festa. Esta casa posúe na finca traseira unha capela dedicada a Santa Ana.

No principio do século XX, según contan testemuñas orais recollidas por Xavier Feixóo de Dona Irene e Luis Sergio Pazos Bande, viviu nela o secretario do Concello de Sandiás ocupando algúns dos seus fillos os principais postos neste concello: un era o párroco da parroquia de San Xoán de Piñeira de Arcos, outro o médico titular do concello de Sandiás, e outro o avogado, así como chegou a ser alcalde do Concello de Sandiás. Este último avogado foi albacea das propiedades de Dona Elisa Sotelo en Sandiás, nai do político José Calvo Sotelo (Propietaria do pazo do Espido (As Pegas – Sandiás). Conta Xavier Feixóo (Patrimonio Galego) que según Dona Irene (mestra de Sandiás que naceu nesta casa), nos anos anteriores á Guerra Civil, a loita política no concello de Sandiás limitábase a loita da Casa de Santana e os Marquina (donos do Pazo do Penedo).

A fidalguía dos Pazos de Sandiás¹

A fidalguía ten unha presenza notoria na comarca da Limia chamando a atención o excesivo número de nobres e fidalgos. A maior parte deles eran simplemente labregos e traballaban en oficios servís como arrieiros, xastres, carpinteiros, labregos. Moitos deles eran pobres e tiñan que traballar nas terras como o resto dos labregos. O resto vivía da súa explotación agraria, do cobro de foros e

¹ Olga Gallego Domínguez; “Economía e Sociedad da Alta Limia no Antigo Réxime” en Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 147-149; Xavier Feixoo; “O Catastro de Ensenada na Parroquia de Santo Estevo de Sandiás en 1752” en Revista Lethes. Cadernos Culturais do Limia. Número 11, 73-105; Olga Gallego Domínguez; “Os señoríos xurisdiccionais da comarca da Limia no Antigo Réxime” en Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 133.

arrendamentos e do gando cedido en parcería. A fidalguía rural foi quén de situarse como un grupo intermedio entre a igrexa e os campesinos, viciando o sistema de foros de forma que lle subrendaban a terra aos labregos a prezos moi altos.

Os preitos elevados a Chancelería de Valladolid para dilucidar a fidalguía foron moi numerosos. As guerras con Portugal do século XVII e a Guerra de Sucesión Española do XVIII, promoveron capitáns e outros cargos que se moven pola zona da Limia, como é o caso de Alonso Antelo e Pazos.

O Catastro de Ensenada censa na Comarca da Limia 251 fidalgos, Dentro da xurisdiccións de Sandiás aparecen os seguintes fidalgos:

- Antelo e Pazos, do Espido ou Casa das Pegas (freguesía de Santo Estevo de Sandiás).
- Os do Pazo do Penedo, en Vilariño das Poldras (Santa María de Couso de Limia), Sandiás.
- Os Añel (D. Bernardo Añel e Romay, fidalgo e cabaleiro; D. Benito Añel e Romay, no lugar da Telleira con casa de 22x24 varas e outras sete terreas máis pequenas) e os Cea Naharro entre outros, do Pazo do Telleyro (freguesía de Santa María de Couso de Limia), Sandiás.
- Joseph A. Santana, fidalgo propietario da Casona de Santa Ana ou Santana, de Sandiás.
- D. Juan Martín Enríquez, fidalgo de Zadagós. Casa do Fidalgo.
- Manuel Girón, nobre labrego, con casa en Cerredelo de 30x12 varas e outras tres terreas.
- D. Diego Fernández Feixoo (nobre, arrendatario dos décimos do cura de Couso de Limia).
- D. Pascual Blanco y Sarmiento (Nobre. Couso de Limia).

Mención aparte merecen os fidalgos nados en Sandiás pero que viviron fora de España como Alonso Santana que tivo relación directa coa Inquisición.

Indica o Catastro de Ensenada na parroquia de Santo Estevo de Sandiás en 1752, concretamente no libro real de leigos, que a inmesa maioría dos labregos no século XVIII vivían na total precariedade e había moitos poucos campesiños ricos. As rendas forais e os décimos eran as maiores cargas para o labrego de forma que lle pagaban sobre todo a igrexa e a nobleza titulada ou a fidalguía.

No caso da parroquia de Sandiás os décimos pagábanselle a Igrexa de Santo Estevo e no caso dos foros ós leigos, especialmente ao marqués de Malpica Conde de Gondomar, a D. Joseph A. Santana, fidalgo propietario da casona de Santana, a D. Juan Benito Enríquez, fidalgo de Zadagós, etc.

Os grandes beneficiarios da produción agrícola vai a ser o clero e a fidalguía rural polo que van a finais do século XVII e sobre todo no século XVIII construír e remodelar a maioría dos pazos e casas grandes (remodelación do pazo de O Penedo no 1758, en Vilariño das Poldras, O Telleiro en Couso de Limia, O pazo do Espido nas Pegas, cuxa capela se remodelou en 1712, reforma da Casona de Santana no 1790), ademais das igrexas, ermidas e capelas.

Na relación de persoas que posúen bens, no libro real de leigos faise mención de varias persoas que posuían bens, rendas ou dereitos e que recibían o tratamento de “Don” e que mostra a existencia dunha fidalguía local na parroquia de Sandiás con vinculacións familiares:

- Dona Ana María Santana. Tía do fidalgo J.A.Santana, propietario da Casona de Santana de 14x16 varas.
- Don Salvador Fernández Feixoo
- Dona Benita Martínez. Nai do subdiácono que vivía nunha das casas máis grandes de Sandiás (40x9 varas). Faise mención detallada de diversos bens e propiedades.

Un indiano precursos da filantropía docente e do proceso de expansión do clero regular en España a mediados do século XVII. O caso do fidalgo Alonso de Santana

Esta casa é o orixe da linaxe dos Santana, a Casa de Santana. Un exemplo dela é que desta casa saíu en 1595, Alonso de Santana camiño ás Indias, onde chegou ser Alcalde maior da Casa da Moeda e Alguacil maior da Inquisición da vila de Potosí (Virreinato do Perú), sendo posteriormente o fundador e o patrono do colexio da Compañía de Xesús de Ourense.

Non todos regresaron ás súas orixes pero desde América, moitos elixiron a fundación de colexios e conventos beneficiando á súa familia, ás súas veciños ou aos máis humildes. É o caso dos anos centrais do século XVII en Ourense co convento dos Dominicos e o colexio dos Xesuítas cuxa fundación (1621) e apertura na praza da Fonte do rei e ampliado ata Igrexa de S. Eufemia (1653), fíxose sobre a base do testamento de 1615 de Alonso de Santana, habitante en Potosí, Bolivia (Virreinato do Perú). Non era eclesiástico e chegou a ser escribano de número, alcalde maior da Casa da Moeda de Potosí e aguacil maior da Santa Inquisición,

O capital fundacional que enviaron (Alonso foi cofundador con Pedro Mondragón, guipuzcoano), foi de 40.000 ducados de principal e renda de 2.000 ducados ao ano máis 5.000 ducados en dous anos. O curioso é que o importe do donativo real recibido foron 900 ducados. O resto quedouse polo camiño. Xa pasaba no XVII e segue pasando no século XXI.

FONTES:

- <http://www.altalimia.org/pdf/050100.pdf>
- <http://patrimoniogalego.net/index.php/101222/2018/11/casa-grande-de-santa-ana/>
- Manuel Caamaño Suárez; "A Alta Llimia. O patrimonio das construción rurais tradicionais. A Vivenda" en Xulio Rodríguez (ED.); Patrimonio da Alta Limia. Discurso histórico e Ordenación do Territorio; Edición Xunta de Galicia-Barrié de la Maza-Grupo Marcelo Macías, 2013, p. 255-256.
- Revista A torre de Sandiás (Nº 3, Ano 2009)